



DEPORTE
GALEGO

OPEN AUTONÓMICO BLACK BASS PARRULO

Este Campionato está convocado pola Federación Galega de Pesca e Cásting, sendo responsable da súa organización a Delegación Provincial desta Federación en Ourense, baixo a supervisión do Comité Técnico da especialidade.

A Competición rexerese por estas bases, polas normas autonómicas en materia de pesca en augas continentais e polo Regulamento de Competicións da FGPeC.

Lugar e Data:

Desenvolverase no encoro das Conchas (Muíños) o día 27 de xullo do 2024.

Lugar de concentración: **Complexo turístico deportivo O Corgo**

A concentración dos participantes terá lugar no aparcadoiro situado ao carón das instalacións existentes no encoro ás 8,45 horas.

A saída dos parrulos e dos kayak será no embarcadero de fontefría.

Antes da saída e o final da proba tódolos kayaks e parrulos pasarán por un proceso de desinfección.

E obrigatorio estar en posesión do permiso de navegación da confederación hidrográfica Miño-Sil, matrícula e licencia de pesca de embarcación.

BASES

Xurado: A súa composición farase pública na reunión de Delegados para o Sorteio.

Mangas: Desenvolverase en dúas mangas de tres horas de duración cada unha delas. Tanto o inicio como o final de cada manga será indicado con sinais acústicas.

Capturas: A capturas son total responsabilidade dos deportistas. Serán eles os únicos responsables de cumprir coa normativa de especies invasoras, e os encargados de desfacerse debidamente das capturas.



DEPORTE
GALEGO

Normas de Desenvolvemento

Despois do aviso de fin da manga o deportista que teña unha peza cravada, disporá dun tempo máximo de 5 minutos para traballala e sacala da auga.

Os deportistas deberán gardar unha distancia mínima de 50 metros de radio do punto de saída da proba.

De todas as pezas capturadas pesaranse as 5 maiores.

A acción de pesca realizarase dende parrulo ou kayak.

As capturas deberanse entregar limpas (sen área, nin lixo) para a pesaxe.

É obrigatorio o uso de chaleco salvavidas.

Os desprazamentos ao longo da acción de pesca faranse sempre dentro da auga e estando o deportista dentro do parrulo ou kayak.

Tanto nos desprazamentos como ao longo da acción de pesca, os deportistas non poderán ter contacto entre eles, nin manter conversas con outros deportistas ou con persoas alleas á competición.

Manterase unha distancia de aproximadamente 25 metros entre cada parrulo ou kayak. Neste senso, o primeiro deportista en chegar a un punto poderá reclamar esa zona como propia nun radio de 25 metros.

Poderanse gardar as capturas en seco.

Haberá dous escenarios que se intercambiarán por manga, un para parrulo e outro para kayak. A clasificación será común para todos.

Material Deportivo

Canas: Nesta especialidade só se autoriza ter en acción de pesca unha cana, con ou sen carrete, dunha lonxitude discrecional. Podendo ter outras máis de reserva, xa montadas, das mesmas ou distintas características.

Anzois: Poderán usarse anzois simples, dobres ou tripes.

Cebos: Poderán utilizar cebos artificiais equipados con anzol, simple, dobre ou triple..

Autorízase exclusivamente o uso de aromatizantes, aceites e esencias, só artificiais, para impregnar os cebos e reclamos.

Prohíbese:

- Devolver as capturas ao medio.
- Manter as capturas vivas.
- O uso de calquera tipo de fariñas, pastas, engodos, aromatizantes, esencias, aceites, colorantes etc., naturais ou artificiais, que se lancen á



DEPORTE
GALEGO

- auga coa finalidade de atraer aos peixes. O uso de redello, ou semellante, que permita manter vivas as capturas ata a súa pesaxe.
- O uso de cebos naturais, vivos ou mortos. Tódalas capturas deberán de facerse de forma deportiva e só se poderá usar un único cebo artificial por liña.
 - A cesión ou intercambio de materiais, para o exercicio da pesca, unha vez iniciada a competición.
 - O uso de sondas.

Está totalmente prohibido botar calquera tipo de lixo ou vertedura contaminante ás augas ou ó entorno.

Os deportistas deberán deixar o posto de pesca totalmente libre de lixo. A infracción a esta norma dará lugar á desclasificación do deportista.

Todo deportista está obrigado a acudir a la llamada de auxilio de otro deportista, esté o no en competición.

PROGRAMA

08,45 Acollida dos deportistas e sorteo.

9,45 Inicio da Primeira Manga.

12,45 Fin da primeira Manga.

13,15 Hora máxima de chegada a pesaxe.

DESCANSO

14,15 Inicio segunda Manga.

17,15 Fin da competición. Pesaxe. Publicación de clasificacións e entrega de premios.

17,45 Hora máxima de chegada a pesaxe.

Os catro primeiros clasificados serán os integrantes da selección que represente a Galicia no vindeiro nacional da especialidade 2025.

Queda terminantemente prohibido o consumo de tabaco no transcurso de tódalas competicións oficiais organizadas pola Federación Galega de Pesca e Casting, dende a entrada aos postos ata o final da proba, establecéndose as correspondentes sancións, se é o caso, para quen as incumpra.

Os clubs deberán inscribir aos seus deportistas exclusivamente ao correo ourensedelegacion@fgpesca.org ata a data linde do 20 de xullo do 2024.
Cómpre axuntar o xustificante do pago da inscrición (20.- € por



DEPORTE
GALEGO

deportista). Para inscribirse, tanto os deportistas como os clubs polos que compitan, deberán de estar ao corrente das súas obrigas coa Federación Galega de Pesca e Casting.

Alterar ou entorpecer o normal desenvolvemento da proba será motivo de expulsión inmediata da mesma.

Para que esta competición se desenvolva deberá de haber coma mínimo unha participación de 12 deportistas. O escenario da competición dividirase en sectores. No caso de haber máis dun deportista por club, o sorteo farase de maneira dirixida para que, na medida do posible, os deportistas dun mesmo club queden equitativamente repartidos en cada sector.

A capacidade do escenario quedou establecida en 60 deportistas.

A organización non servirá nin fará servir ningunha sorte de avituallamento.

Inscribirse nesta competición significa aceptar ser incluído no grupo de wassap da mesma sen solicitude previa de autorización.





DEPORTE
GALEGO

Asdo. D. Pablo de Andrés Vales
Presidente do Comité de Black Bass da FGPeC